

O Xornalouro

Despois de 6 anos, Pilar deixa a Dirección Novo EQUIPO DIRECTIVO



Este é o novo Equipo Directivo do IES Alfoz-Valadouro, aínda que algúns repiten do anterior: Armelle Sobrino, á esquerda, profesora de Francés, será a nova Xefa de Estudos (estréase no Equipo Directivo); Belén Díaz, á dereita, profesora de Galego, repite como Secretaria; e Gonzalo Alonso, profesor de Naturais, no centro, será o novo Director (antes era Xefe de Estudos), en substitución de Pilar Díaz.

De cando en vez hai que renovarse. En todos os aspectos da vida e tamén no plano educativo. Pilar Díaz, a profesora de Inglés, permaneceu no posto de Dirección do noso Instituto durante 6 anos, nos cales o Instituto foi evolucionando, mellorando en aspectos como o da construción do aparcamento dos autobuses, por exemplo, e decaendo en aspectos como o número de alumnos matriculados, que pasou de 200 nos mellores tempos do centro a uns 80 que son os que hai, máis ou menos, na actualidade. Pilar decidiu deixar a Dirección e outro, naturalmente, ten que ocupar o seu posto. Nesta ocasión o novo Director será Gonzalo Alonso, que até agora era o Xefe de Estudos, polo que a novidade de desempeñar un cargo directivo xa non o colerá por sorpresa. Como xa sabemos todos no centro, Gonzalo é asturiano, do famoso pobo de Sietes, pero reside coa súa esposa e cos seus dous fillos en Foz; imparte materias relacionadas coas Ciencias Naturais: Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, etc. e é un namorado da natureza e das paisaxes naturais, como xa comentabamos no pasado número de Xornalouro; todos os anos organiza, con Simeón Neira, o profesor de Tecnoloxía, as actividades de *Voz Natura* e outras cousas relacionadas co medio natural, como a instalación de invernadoiros no patio do Instituto, a plantación de fresas e doutras cousas, etc.

Armelle Sobrino, pola súa banda, será a nova Xefa de Estudos do IES Alfoz-Valadouro. Imparte a materia de Francés e tamén reside

en Foz co seu marido e coa súa filla Carolina, que, dito sexa de paso, aparece na nosa película *Volveremos*, que pretendemos estrear no vindeiro Nadal. Armelle é a *alma mater* dos intercambios que vimos organizando estes cursos pasados con Francia, que tanto éxito teñen entre o alumnado e tanto proveito educativo significan para todos. É de supoñer que Armelle, como nova Xefa de Estudos, seguirá organizando cousas moi interesantes.

Por último Belén Díaz continúa a desempeñar o seu posto de Secretaria do centro. É a profesora de Lingua Galega e a que organiza as diversas actividades relacionadas co uso da nosa lingua. Tamén reside en Foz e fai un papel destacado na nosa nova película *Volveremos*.

Comezamos unha nova etapa no centro con importantes retos, nun momento no que a crise económica marca tamén a funcionalidade nos centros educativos debido, en gran parte, á diminución do profesorado.

Gonzalo será o cuarto Director na historia do noso Centro, despois de Conchita Aramburu (hoxe Inspectora Xefe Provincial de Educación), Simeón Neira e Pilar Díaz. Seguramente el e o seu Equipo Directivo atoparán diversos problemas que resolver e terán que traballar con ganas para que o noso centro saia adiante con éxito, pero o motivo ben o merece: trátase de educar, que é unha razón moi poderosa. Boa sorte, Gonzalo, Armelle, Belén. Que o voso labor directivo teña éxito polo ben de toda a nosa comunidade educativa.

Vanse a Viveiro



Adeus, Masú e Carmen

Igual que os alumnos, os profesores do noso Instituto tamén marchan a continuar o seu labor docente noutros centros educativos. Cada ano temos que despedir a algún e neste Curso 2009-2010 despedimos a dúas profesoras que levaban connosco varios anos.

En primeiro lugar despedimos a Masú (María Jesús Díaz Eimil), que nos chegou dende a súa terra, Viveiro, e que a Viveiro retorna, en concreto ó instituto María Sarmiento. Alí continuará coas súas ecuacións, coas súas raíces cadradas, coas súas operacións matemáticas e... coa súa simpatía, posto que por iso tamén se caracterizaba Masú.

En segundo lugar váisenos Carmen, a profesora de Lingua Castelá (que no curso anterior, por necesidades do centro, tamén tivo que dar Ciencias Sociais e outras materias diferentes). Ela é de aquí, do noso Val, en concreto da parroquia alfoicense de Adelan, pero tamén se vai a Viveiro, a continuar co seu traballo de profesora no mesmo centro que Masú. Seguro que ambas están moi contentas, posto que, ademais de ser compañeiras, son dúas boas amigas.

O máis probable é que nos envíen un novo profesor de Matemáticas para substituír a Masú, aínda que a posibilidade de que nos manden a un de Lingua Castelá xa resulta un pouco máis remota, porque estamos en época de vacas fracas e a Administración non ten recursos para suplir a todos os profesores que se van, sobre todo cando o número de alumnos do noso centro é tan baixo.

Dende Xornalouro mandámoslles un cariñoso saúdo a Masú e a Carmen e o noso sincero desexo de que no María Sarmiento, en Viveiro, sexan moi felices e poidan levar adiante o seu traballo con éxito. Aquí, no IES Alfoz-Valadouro, lles queda un cachíño de pasado e de cariños de parte dos que as coñecemos. Moi boa sorte ás dúas.